



Concello de Gondomar

BASES DO VI MERCADO DE NADAL NO CONCELLO DE GONDOMAR

O Concello de Gondomar, a través da súa Concellería de Turismo e Comercio, pon en marcha a VI edición do Mercado de Nadal. Este evento constitúe unha acción dinamizadora do sector comercial do municipio e, ao mesmo tempo, un atractivo turístico que aumenta a afluencia de visitantes nestas datas, promovendo tamén a economía local.

O Mercado de Nadal acollerá a venda de produtos de Nadal, restos de stock, manualidades, artesanía, etc., co fin de favorecer o desenvolvemento local e a convivencia entre as persoas.

OBXETO

Estas bases establécense coa finalidade de regular a organización e realización do *VI Mercado de Nadal* en Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todos os seus participantes, que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

LUGAR E DATA DA CELEBRACIÓN

O *VI Mercado de Nadal* celebrarase os días 20 e 21 de decembro de 11:00 a 19:00h na Praza Paradela do Concello de Gondomar.

En caso de condicións meteorolóxicas adversas, trasladarase aos días 27 e 28 de decembro, mantendo o mesmo horario. No caso de non poder celebrarse nestas datas, o evento será cancelado.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderá presentar a solicitude de inscrición: asociacións sen ánimo de lucro, comercios, autónomos, particulares, colexios, etc. con preferencia á veciñanza de Gondomar.





Concello de Gondomar

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Para participar será necesario:

- Cubrir o ANEXO I que se achega con estas bases.
- Abonar unha fianza de 50 € no seguinte número de conta
 - ABANCA: ES17 2080 5035 0730 4001 1300.
- Entregar Rexistro Xeral do Concello (horario: 8:00 a 14:00 h) ou na Sede Electrónica:
 1. ANEXO I cuberto.
 2. Xustificante do pagamento da fianza.
 3. Certificado de conta bancaria
 4. Aportación dos produtos de nadal para colaborar co Banco de Alimentos Municipal.

O prazo de inscrición será do 19 ao 30 de novembro.

A veciñanza de Gondomar terá prioridade, e non se coñecerá a relación de solicitudes admitidas ou excluídas ata finalizado o prazo.

Non se admitirán solicitudes fora de prazo.

Calquera solicitude sen xustificante de transferencia non será admitida.

Deberanse aportar **alomenos 4 produtos típicos de Nadal** (SÓ DE NADAL) para colaborar co Banco Municipal de Alimentos.

SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

A selección dos participantes farase seguindo a orde de entrada das solicitudes, dando preferencia á veciñanza de Gondomar.

Deberá haber un mínimo de 10 solicitudes para levarse a cabo a celebración do *V Mercado de Nadal*.

Só se aceptarán solicitudes que se comprometan a asistir os dous días ao *VI Mercado de Nadal*.

POSTOS OU STANDS

- A localización farase seguindo a orde de entrada das solicitudes, con preferencia á veciñanza.
- O número máximo de postos será 20, identificados cun número segundo o rexistro de entrada.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- Só se concederá un posto por participante.
- O espazo dispoñible para cada posto será de **2 metros de fronte ou mostrador**.
- O Concello facilitará un espazo cuberto e tomas de corrente eléctrica repartidas na zona destinada á celebración do mercado. O resto do material (mesa, mantel preferiblemente vermello, expositores, decoración, etc.) será responsabilidade do participante, incluíndo a montaxe e condicionamento.
- Horarios de acceso con vehículos para montaxe e desmontaxe:
 - Montaxe: 9:30 a 11:00 h
 - Desmontaxe: 19:00 a 21:00 h
- Fóra destes horarios queda prohibida a entrada de vehículos na Praza.

OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN

Concello de Gondomar será encargado de:

- Acceso ás tomas de corrente eléctrica onde sexa posible.
- Instalación de contedores para manter a limpeza.
- Habilitar espazo cuberto.
- Proporcionar luz para os postos onde sexa posible.
- Facilitar cartelería e difusión.
- Comunicar ás persoas participantes a aceptación da solicitude e asignación do número de posto.

OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

- Manter un comportamento adecuado cara ao público e entre eles.
- Quedan prohibidas actividades que supoñan risco de accidente.
- Respetar os espazos adxudicados, sen invadir zonas comúns con mercadorías ou embalaxes.
- Non se permitirán cociñas, estufas nin elementos con combustible gaseoso, salvo autorización expresa do Concello.
- Recoller e deixar limpo o espazo ocupado.
- Os postos deberán estar listos ás 11:00 h.
- O Concello resérvase o dereito de modificar, suspender ou cancelar o Mercado sen indemnización, salvo devolución da fianza.
- Notificar por escrito a renuncia á participación se non se pode asistir.
- Traer prolongacións eléctricas se se require.
- Recoller o posto ao finalizar cada xornada.
- Entregar alomenos 4 produtos típicos de Nadal (bebidas alcohólicas non permitidas).
- A participación implica aceptación e cumprimento das bases.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

OUTRAS CONSIDERACIÓNS RELACIONADAS COA FIANZA

- A devolución farase no número de conta indicado no certificado bancario, tras os informes técnicos necesarios, nun prazo máximo de **6 meses**.
- A fianza non se devolverá nos seguintes casos:
 - Non asistir ao mercado.
 - Non aportar os alimentos para o Banco Municipal de Alimentos.
 - Actitude non cívica.
 - Solicitude incorrecta ou fora de prazo.
 - Non achegar certificado de conta bancaria antes do mercado.
 - Renuncia ao posto tras presentar a solicitude.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

